

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA ORGANIZA AS VI XORNADAS DE PORTAS ABERTAS DIRIXIDAS AOS FUTUROS RESIDENTES DE DISTINTAS ESPECIALIDADES

- Hoxe visitaron os centros da área 170 futuros residentes de Medicina, Enfermería, Farmacia, Psicoloxía, Química, Bioloxía e Física
- As xornadas buscan ofrecerlle aos profesionais que rematan a súa formación, información sobre as características dos distintos servizos

Santiago de Compostela, 17 marzo de 2023. A Área sanitaria de Santiago e Barbanza organizou esta mañá as súas **VI Xornadas de Portas Abertas** para futuros residentes co obxectivo de ofrecer información sobre as características dos distintos servizos dos centros tanto hospitalario como de saúde e orientarlles no seu proceso formativo como especialistas.

Para elo, o equipo de docencia organizou unha primeira xuntanza para compartir información e na que reuniu a 170 futuros residentes que expuxeron expectativas, con residentes actuais e con facultativos dos distintos servizos. Os futuros residentes que hoxe visitaron estes centros proceden de Santiago, Madrid, Vigo, Barcelona, Oviedo, Cantabria e Girona.

Amais foron recibidos polo equipo directivo do centro nun encontro institucional. En nome da xerencia da área Sanitaria de Santiago acudiu a directora de atención hospitalaria, Eva San Luís Calo e a directora de enfermaría Victoria Carral, ademais do responsable de docencia, Rogelio Leira e o decano da facultade de medicina, Julián Álvarez.

As xornadas están dirixidas a residentes de especialidades como Medicina, Enfermería, Farmacia, Psicoloxía, Química, Bioloxía e Física.

Saúdos